

administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de de xuño de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 6 de xullo de 2007 pola que se autoriza a implantación das ensinanzas deportivas conducentes ás especialidades de grao medio correspondentes aos títulos de técnico deportivo en fútbol, fútbol sala, baloncesto, balonmán e atletismo en centros públicos para o curso 2007-2008.

O artigo 63 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as ensinanzas deportivas teñen como finalidade preparar os alumnos para a actividade profesional en relación cunha modalidade ou especialidade deportiva, así como facilitar a súa adaptación á evolución do mundo laboral e deportivo e á cidadanía activa.

O Real decreto 1913/1997, do 19 de decembro (BOE do 23 de xaneiro de 1998), aproba as directrices xerais para a obtención dos títulos de técnicos deportivos, así como as correspondentes ensinanzas mínimas. Esta norma, na súa disposición derradeira segunda, habilita os órganos competentes das comunidades autónomas, no ámbito da súas respectivas competencias, para o desenvolvemento do disposto neste real decreto.

Nesta liña, o Real decreto 254/2004, do 13 de febreiro, o Real decreto 361/2004, do 5 de marzo, o Real decreto 234/2005, do 4 de marzo, establecen, respectivamente, os títulos de técnico deportivo e técnico deportivo superior en atletismo, balonmán e baloncesto, aproban as correspondentes ensinanzas comúns e regulan as probas de acceso a estas ensinanzas.

Por outra parte, mediante o Decreto 353/2003 e Decreto 356/2003, do 11 de setembro, establécense os currículos das especialidades deportivas de grao medio correspondentes aos títulos de técnico depor-

tivo en fútbol e fútbol sala, para a Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia, e de acordo co Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta o informe da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Facer pública a oferta educativa en centros públicos das ensinanzas técnico deportivas nas especialidades de fútbol, fútbol sala, baloncesto, balonmán e atletismo, a partir do curso 2007-2008, segundo os datos que figuran no cadro anexo.

Segundo.-A posta en funcionamento destes estudos estará condicionada á existencia dun mínimo de 10 alumnos matriculados na correspondente especialidade deportiva. A condición desta ratio mínima exixida debe poñerse en coñecemento do alumnado no momento da solicitude de matrícula.

Disposición adicional

Sen prexuízo do establecido na disposición segunda desta orde, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais poderá autorizar aquelas ensinanzas que non acaden o número de solicitudes de matrícula suficientes. En canto non se dispoña desta autorización non se poderá formalizar matrícula ningunha.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais e a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Código centro	Denominación centro	Concello	Provincia	Código ensinanza	Denominación ensinanzas
15005749	IES Cruceiro Baleares	Culleredo	A Coruña	XM01003	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en fútbol
36006717	IES Sánchez Cantón	Pontevedra	Pontevedra	XM01003	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en fútbol.
32009190	IES As Lagoas	Ourense	Ourense	XM01004	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en fútbol sala
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro	Ferrol	A Coruña	XM01007	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en baloncesto.
36011579	IES A Guía	Vigo	Pontevedra	XM01006	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en balonmán
27006541	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	Lugo	Lugo	XM01005	Ensinanzas técnico deportivas de grao medio en atletismo